Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da Banda Recreativa e Cultural da Bandeira, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se den conta das actividades subvencionadas.

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polos Concello se rexerán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica.

Beatriz Rodríguez Pena

Presidenta da Banda de Bandeira

Paula Fernández Pena Fernández

Alcaldesa do Concello de Silleda

A Secretaria
Déborah García Suárez”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o Convenio de Colaboracion entre o Concello de Silleda e a Banda de Musica Recreativa e Cultural de Bandeira para o ano 2025, cun importe de 15.000 euros, e que asinaran a alcaldesa, Paula Fernandez Pena, en representación do Concello, e a presidenta da agrupación bandística, Beatriz Rodriguez Pena, en representación da mesma.

SEGUNDO: Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

Expediente 364/2025. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA PARA O ANO 2025.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a traxectoria do deportista silledense Christian Costoya Sanabria, representado polo seu proxenitor, D. Marcos Costoya Castro, e as súas posibilidades de destacar dentro do mundo deportivo do motor a nivel internacional.

Visto que é tarefa e obxectivo desta entidade local axudar ao citado deportista a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas como o campionato de España de Karting, e nos campionatos WSK Euro Series, WSK Open Cup, e WSK Champions Cup, ademais de acadar no ano 2023 o subcampionato do mundo.

Vista a promoción do Concello de Silleda que se realizará nas carreiras e probas internacionais nas que participe o citado deportista.

Visto o apoio a través do convenio asinado en anos anteriores.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente.

Visto o informe favorable do funcionario do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación.

Visto o convenio que a continuación se transcribe:

**“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA
E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA PARA O ANO 2025**

En Silleda á data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, D^a. Paula Fernández Pena, actuando no seu nome e representación do Concello de Silleda, con CIF P3605200-I

*Doutra parte, Marcos Costoya Castro, DNI ***325***, como representante legal do menor Cristian Costoya Sanabria.*

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

Dada a traxectoria do deportista e a súa posibilidade de destacar dentro do mundo deportivo do motor, consideramos que debemos axudar a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas internacionais como a WSK Euro Series, WSK Open Cup, WSK Champions CUP 2023 ou o Trofeo Andrea Margutti, entre outros. Así mesmo no ano 2023 acadou o Subcampionato do Mundo na categoría OK Junior.

Todas estas participacións supoñen un custo de máis de 55.000 euros, que sen dubida son difíciles de asumir a nivel particular, incluso pese á cooperación de patrocinadores particulares.

Tendo en conta o interese de fomento do deporte, que debe realizarse non so a nivel de deporte base senón tamén a nivel de competición xa que este contribúe a súa vez ao interese no deporte consideramos necesaria a participación do Concello, coa finalidade de promocionar un deportista a nivel nacional e inclusive internacionalmente.

A finalidade deste convenio e axudar na financiación dos custos que supoñen para o deportista poder participar nas diferentes carreiras para poder alcanzar o obxectivo de posicionarse nun nivel significativo no mundo do deporte automobilístico.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 241-48 (Fomento do Deporte) por importe de 10.000 euros.

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o exercicio 2025 (Base 57), con cargo á partida 241.48.

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya no fomento do Deporte silledense e na imaxe do Concello de Silleda en relación co deporte.

2.- Obrigacións e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 10.000 con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.*
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.*
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais*
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- 6.- Acreditar con anterioridade a dítase a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
- 8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei*

Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

- 1. Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*
- 2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*
- 3. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*
- 4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- 5. Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

1. O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional do deportista Christian Costoya Sanabria, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio.

2. Presenza en actos oficiais

O deportista Christian Costoya Sanabria , a través do seu representante legal : Marcos Costoya Castro, con DNI 44832524 G, comunicará e convidará aos representantes do Concello de Silleda, a calquera acto promocional ou protocolario organizado polo Patrocinado, tales como competicións, actos de difusión, etc., facilitándose as invitacións ou acreditacións necesarias para o Acto.

3.- Publicidade en presentacións

O deportista garantirá que o Concello de Silleda , teña presenza publicitaria nas presentacións e actos públicos que leve a cabo, facendo mención do patrocinio oficial da citada entidade municipal en cantas entrevistas, presentación, roldas de prensa ou similares convóquense.

4.- Accións publicitarias.

O deportista Christian Costoya Sanabria (o seu representante legal_ Marcos Costoya Castro, DNI 44832524 G), publicitará a marca "Silleda " na indumentaria que vista en todas as competicións na que participe durante o ano natural de 2025.

O deportista Christian Costoya Sanabria exhibirá unha placa na súa sede, en lugar visible na que apareza o logotipo do Concello de Silleda coa lenda "Concello de Silleda Patrocinador Oficial".

5.- Material Promocional.

Así mesmo, o deportista Christian Costoya Sanabria publicitará á marca CONCELLO DE SILLEDA, en calquera acción publicitaria levada a cabo polo patrocinado, tanto anuncios en medios de comunicación (prensa e televisión) como en calquera elemento

12.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polo Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica

*Marcos Costoya Castro
Representante do menor*

*Paula Fernández Pena
Alcaldesa Concello de Silleda*

Déborah García Suárez
Secretaria

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya Sanabria

Segundo.- Dar conta do citado acordo ao departamento de Intervención

Expediente 428/2025. Contratacións. “SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA”.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe de necesidade no que se propón a contratación dunha empresa para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado do Concello de Silleda, por carecer de persoal propio que poida facerse cargo da realización daqueles traballos que permitan manter un nivel de calidade suficiente para o goce dos veciños das zonas verdes das que dispoñemos.

Da análise dos elementos a conservar e da frecuencia dos traballos requiridos obtemos o seguinte cadro, do que se extrae a valoración económica do servizo que servirá como presuposto base de licitación, entendéndose como o límite máximo que este Concello poderá comprometer durante os tres anos de duración do mesmo, e que ascende a 317.191,15 euros (105.730,38 euros/ano (87.380,48 euros máis 18.349,90 euros de IVE)

ZONAS		COSTE 2025			
		VISITAS ANO	COSTE VISITA	COSTE MENSUAL	COSTE ANUAL
SILLEDA	ROTONDA N-525/RUA DO CAMPO/ URBANIZACION CASAS NOVAS/ LAVADERO	18	318,95 €	478,43 €	5.741,10 €
	ROTONDA N-525/ RUA BO DO CAMPO/ URBANIZ. CASAS NOVAS/ LAVADERO - PODA	1	464,40 €	38,70 €	464,40 €
	AVDA DO PARQUE /PARQUE IGREXA/RÚA STA EULALIA	18	53,85 €	80,78 €	969,30 €
	AVDA DO PARQUE /PARQUE IGREXA/STA EULALIA - PODA	1	1.449,85 €	120,82 €	1.449,85 €
	PARQUE DAS PEDROSAS	4	928,50 €	309,50 €	3.714,00 €
	CENTRO SOCIAL MAIORES CHOUSA NOVA	16	51,48 €	68,63 €	823,60 €
	CENTRO SOCIAL MAIORES CHOUSA NOVA- PODA	1	114,70 €	9,56 €	114,70 €

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

RUA DA CHOUA NOVA	16	138,41 €	184,55 €	2.214,56 €
PRAZA BENITO RIVAS/RÚA COLMEIRO	16	145,70 €	194,27 €	2.331,20 €
PRAZA BENITO RIVAS/FINCA DESBROCE- PODA	1	260,00 €	21,67 €	260,00 €
RÚA VENEZUELA/RÚA ALONSO PAZ	14	63,85 €	74,49 €	893,90 €
RÚA VENEZUELA/RÚA ALONSO PAZ - PODA	1	321,70 €	26,81 €	321,70 €
PARQUE DE OUTEIRO	16	74,98 €	99,97 €	1.199,60 €
PARQUE DE OUTEIRO/RÚA TRASDEZA/RUA PINTOR COLMEIRO - PODA	1	1.983,00 €	165,25 €	1.983,00 €
PRAZA J. SALGUEIRO- PODA	2	198,45 €	33,08 €	396,90 €
PRAZA J. SALGUEIRO	16	66,85 €	89,13 €	1.069,60 €
PRAZA SIÑOR AFRANIO/ RUA PROGRESO	18	96,83 €	145,24 €	1.742,85 €
PLAZA SIÑOR AFRAMIO/RUA PROGRESO- PODAS	1	174,45 €	14,54 €	174,45 €
PISCINA SILLEDADA	14	152,70 €	178,15 €	2.137,80 €
PISCINA SILLEDADA - PODA	1	140,45 €	11,70 €	140,45 €
PRAZA MESTRE MATEO/ RUA CONDES DO DEZA-PODA	1	198,45 €	16,54 €	198,45 €
RUA REPUBLICA ARXENTINA / PRAZA REPUB. ARXENTINA/ RUA SOC FILLOS DE SILLEDADA- PODA-LIMPEZA ALCORQUES	1	698,65 €	58,22 €	698,65 €
XARDIN DO CONCELLO VELLO	18	81,85 €	122,78 €	1.473,30 €
ROTONDA SEMANA VERDE/ SUBIDA (NE-7) ATA O CENTRO DE DIA/ RUA SEMANA VERDE	16	396,85 €	529,13 €	6.349,60 €
MANTENIMIENTO MACETEROS FUNDICION- REGAR	14	62,00 €	72,33 €	868,00 €
ENTORNO RESIDENCIA DE MAIORES SILLEDADA	12	690,17 €	690,17 €	8.282,04 €
PLAZA DO CARRO + PLAZA ENFRENTA- SIEGA	12	108,73 €	108,73 €	1.304,70 €
PLAZA DO CARRO + PLAZA ENFRENTA- PODAS	1	180,85 €	15,07 €	180,85 €
AVENIDA RECINTO FERIA- LIMPEZA ALCORQUES	12	34,80 €	34,80 €	417,60 €
AVENIDA RECINTO FERIA/ RUA SEMANA VERDE- PODA	1	409,20 €	34,10 €	409,20 €
RUA ARTURO PEREZ LAZARA - LIMPEZA ALCORQUES	12	20,05 €	20,05 €	240,60 €
RUA ARTURO PEREZ LAZARA - PODA	1	65,85 €	5,49 €	65,85 €
CAMIÑO DO CASTRO- LIMPEZA DE ALCORQUES	6	61,10 €	30,55 €	366,60 €
CAMIÑO DO CASTRO- PODAS	1	209,60 €	17,47 €	209,60 €

Concello de Silleda

	RUA DO ENSINO (INSTITUTO)- SEGA + LIMPEZA ALCORQUES	12	248,65 €	248,65 €	2.983,80 €
	RUA DO ENSINO - PODAS	1	682,15 €	56,85 €	682,15 €
	ROTONDA CANASTRO PO-2205 + TRIANGULOS ANEXOS- SIEGA	12	85,85 €	85,85 €	1.030,20 €
	CAMPO DE CANS -LIMPEZA ALCORQUES	6	12,68 €	6,34 €	76,07 €
	CAMPO DE CANS - PODA	1	91,05 €	7,59 €	91,05 €
	ROTONDA PO - 211- LIMPEZA CESPED ARTIFICIAL + GRAVA	4	38,27 €	12,76 €	153,09 €
	ROTONDA PO -211- PODAS	1	47,30 €	3,94 €	47,30 €
	ESCOLA MUNICIPAL MUSICA - SEGAS	10	356,65 €	297,21 €	3.566,50 €
	ESCOLA MUNICIPAL MUSICA - PODAS	1	480,90 €	40,08 €	480,90 €
	RUA DO AGRO- LIMPEZA ALCORQUES ARBOLES	6	32,18 €	16,09 €	193,07 €
	RUA DO AGRO- PODA ARBOLES	1	601,05 €	50,09 €	601,05 €
	RUA CASTRELO- SEGA	6	52,43 €	26,21 €	314,55 €
	LAVADEIRO EN RUA FONTE DE ABAIXO	8	55,48 €	36,98 €	443,80 €
	FINCA ENTORNO RESIDENCIA MAIORES	6	175,05 €	87,53 €	1.050,30 €
	GALIÑA AZUL SILLEDA- SEGA	12	50,93 €	50,93 €	611,10 €
	GALIÑA AZUL SILLEDA- PODA	1	224,60 €	224,60 €	224,60 €
	CASA XUVENTUDE	6	55,93 €	335,55 €	335,55 €
	RUA FORCAREI PODA E LIMPEZA ALCORQUES	1	302,60 €	25,22 €	302,60 €
BANDEIRA	PO -204 PERAIS DE FLOR - PODA	1	696,85 €	58,07 €	696,85 €
	RÚA ESMORGA - PODA	1	2.114,70 €	176,23 €	2.114,70 €
	AUDITORIO BANDEIRA/RÚA LOURAS/ CAMPO FUTBOL	16	232,45 €	309,93 €	3.719,20 €
	AUDITORIO BANDEIRA/RÚA LOURAS/ CAMPO FUTBOL- PODAS	1	255,28 €	21,27 €	255,28 €
	PISCINA BANDEIRA	14	107,95 €	125,94 €	1.511,30 €
	PISCINA BANDEIRA - PODA	1	907,25 €	75,60 €	907,25 €
	PARCELA RUA FEIRA/BOCACALLES	12	243,15 €	243,15 €	2.917,80 €
	RUA DA FEIRA /TRAVESIA VISTA ALEGRE	16	165,45 €	13,79 €	2.647,20 €
	RUA DA FEIRA /TRAVESIA VISTA ALEGRE - PODA	1	226,70 €	18,89 €	226,70 €
	CAMPO FESTA BANDEIRA - PODA	1	1.526,81 €	127,23 €	1.526,81 €
	TALUDE CENTRO SAÚDE BANDEIRA -	2	923,53 €	153,92 €	1.847,06 €

DESBROCE				
ROTONDA E PRAZA CENTRO SAÚDE BANDEIRA	12	74,85 €	74,85 €	898,20 €
CENTRO SOCIAL BANDEIRA	16	19,01 €	25,35 €	304,18 €
SEMI-ROTONDA ENTRADA A BANDEIRA	12	53,85 €	53,85 €	646,20 €
COLEXIO A BANDEIRA	3	762,70 €	190,68 €	2.288,10 €
RUA AGRO DO VALO - PODA ARBUSTOS	4	94,60 €	31,53 €	378,40 €
RUA AGRO DO VALO - PODA ARBOLES	1	674,80 €	56,23 €	674,80 €
FERNANDO PENOUÇOS - SEGAR	8	50,60 €	33,73 €	404,80 €
FERNANDO PENOUÇOS - PODAS	1	147,10 €	12,26 €	147,10 €
ESQUINA EN N-525- CON RÚA ESMORGA SEGAR	10	32,85 €	27,38 €	328,50 €
EDIFICIO PARCHIS- ALCORQUES	6	7,68 €	3,84 €	46,07 €
EDIFICIO PARCHIS- PODA	1	498,30 €	41,53 €	498,30 €
MANTEMENTO ZONAS VERDES - CONCELLO DE SILLEDA	PROPOSTA			87.380,48 €

Considerando que o contrato tamén persegue como valor social a integración laboral das persoas con discapacidade e con dificultades de inserción social.

Vista a Providencia de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 10 de abril de 2025

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto por un período de tres anos. Reservándose o contrato a participación de centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción reguladas de conformidade co establecido na Disposición Adicional Cuarta da LCSP. para o servizo denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA” por importe de 317.191,15 euros (105.730,38 euros/ano (87.380,48 euros mais 18.349,90 euros de IVE).

Segundo.- Aprobar o gasto por importe correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 171-22799, do Orzamento do Concello prorrogado para o 2025.

Terceiro.- Aprobar os Pregos que rexerán a contratación mediante procedemento aberto

simplificado do presente contrato de obras.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 15 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 478/2025. Contratacións. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN XESTOSO.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Os camiños municipais en **XESTOSO**, sofren un importante deterioro de relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz.

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz de marzo de 2025.

Visto o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias,.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, e que a o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Vista a Acta de Reformulo Previo.

Vista a Providencia de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 10 de abril de 2025.

Visto o informe de intervención asinado o 10 de abril de 2025.

Polo exposto, propoño a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN XESTOSO”** por importe de **88.475,36** euros (73.120,13 € euros de valor estimado do contrato máis 15.355,23 euros de IVE).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria

454-619 proxecto 2024-28 (Préstamo), do Orzamento do Concello prorrogado para o 2025.

TERCEIRO.- Aprobar o Proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz asinado en marzo de 2025, denominado **“MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES EN XESTOSO. SILLEDA** e o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto simplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 20 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 85/2025. Contratacións. “SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

I.- Visto o informe de necesidades, elaborado polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

II.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada en data 30/01/2025, aprobouse o inicio do expediente de contratación DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025 polo procedemento aberto simplificado.

III.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas.

IV.- Visto o informe de xurídico de data 11/02/2025.

V.- Visto o informe de Intervención de data 12/02/2025.

VI.- Vista a publicidade da licitación no perfil do contratante que o Concello de Silleda ten aloxado na Plataforma de Contratación do Estado.

VII.- Vistas as actas da Mesa de contratación que obran no expediente de esta licitación e que conclúen na última acta do 09 de abril de 2025, que se transcribe a continuación:

“Expediente: 85/2025

Asunto: “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025”.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, 09 de abril de 2025 ás 10:50 horas,

Concello de Silleda

Tipo de contrato: Contrato de Servizos

Forma de adjudicación: Procedemento aberto simplificado.

Obxecto do contrato: “**CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025.**”

Membros asistentes:

PRESIDENTA

D. Paula Mª Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquera tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.

VOCAIS

D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación

SECRETARIO

D. David García Lareo, administrativo da Corporación

A Mesa constituída declara admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
JUAN MANUEL BASCUAS OTERO	35.317.336P
SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.	B36.408.987

Revisada a documentación administrativa se observan defectos, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, en sesión celebrada o 06 de marzo de 2025 acorda solicitar a emenda das eivas ós licitadores.

O 10 de marzo de 2025 con rexistro de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-38, Don José Luis Bascuas Gómez, con DNI 76****X, actuando en representación de **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.**, presenta correctamente o **Anexo A** firmado.

O 13 de marzo de 2025 con rexistro de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-414, Don Juan Manuel Bascuas Otero, con DNI 35.317.336-P, presenta a solicitude de inscrición realizada o 10 de marzo de 2025 no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. A mesa de contratación comproba coa documentación aportada que o licitador non estaba inscrito no antedito rexistro na data final de presentación de ofertas, que concluíu o 05 marzo de 2025.

Como así establece o artigo 159.4 a) da LCSP:

“a) Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado **deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência.** Para estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite presentar a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, **sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas.** A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de achegar a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de corrección”.

O licitador **JUAN MANUEL BASCUAS OTERO**, con DNI 35****-P, non demostra que estivese inscrito nos rexistros correspondentes nin que a solicitude se fixese antes de finalizar o prazo de presentación de

ofertas. De feito, a solicitude de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que presenta ten data do 10 de marzo de 2025 e o prazo para presentar ofertas remataba o 05 de marzo de 2025.

Por todo o exposto, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda declarar ADMITIDAS a seguinte proposición:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.	B36.408.987

A Mesa de Contratación procede a lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado:

LICITADOR	PRECIO SEN IVE	IVE	PRECIO TOTAL	AMPLIACIÓN DE MAQUINARIA	MELLORAS
SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.	75.335,00 €	15.820,35 €	91.155,35 €	Sí, dous tractores	Sí, oferta tódalas melloras

Aplicada a fórmula para avaliar os criterios de adxudicación, a puntuación obtida polo licitador é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACIÓN POLO PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN POLA AMPLIACIÓN DA MAQUINARIA	PUNTUACIÓN OFERTA MELLORAS
SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.	0 puntos	40 PUNTOS	10 PUNTOS

Por todo o exposto, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, na sesión celebrada o 18 de marzo de 2025, acordou:

“PRIMEIRO.- INADMITIR ó licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO con DNI 35.317.336-P, por non cumprir co requisito de estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas.

SEGUNDO.- Requirir á licitadora **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.**, con N.I.F. B36.408.987, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos denominado **“CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDAS. ANO 2025”** para que, dentro do prazo de **7 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 21 do PCAP e o punto 5 do Anexo I do mesmo prego.

TERCEIRO.- Requirir á licitadora **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.**, con N.I.F.

B36.408.987, que como se recolle **no punto 24.2 do Anexo I** do PCAP, deberá entregar un compromiso de dispoñer, dende o inicio do contrato, dos medios de adscripción necesarios para atender á prestación do servizo, de acordo coas previsións do prego técnico.”

O requirimento realízase o 18 de marzo de 2025 con rexistro de saída nº 2025-S-RE-296.

O requirimento é recibido polo licitador o 25 de marzo de 2025.

Con data 02 de abril de 2025, con rexistro de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-565, Don José Luis Bascuas Gómez, en nome e representación de **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L., con N.I.F. B36.408.987**, presenta a documentación requirida, pero, a Mesa de Contratación observa que falta a documentación relativa ó volumen de negocios e patrimonio neto. Sendo un defecto subsanable realízase un novo requirimento con rexistro de saída de este Concello nº 2025-S-RE-459.

O licitador presenta o requirido con data 08 de abril de 2025, rexistro de entrada en este Concello nº 2025-E-RE-589.

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMO EMPRESA ADXUDICATARIA** do contrato de servizos denominado **“CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDAS. ANO 2025”** a: **-SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L., con N.I.F. B36.408.987**, por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión ás 11:20 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente, e dou fe.

O Secretario
David García Lareo

A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”

VII.-Visto o informe de Intervención asinado o 09 de abril de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- INADMITIR ó licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO con DNI 35****-P, por non cumprir co requisito de estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas.

SEGUNDO.- Adxudicar á licitadora **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L., con N.I.F. B36.408.987**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de servizos denominado **“CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDAS. ANO 2025”** por importe de 75.335,00 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 15.820,35 euros, totalizándose a oferta en **91.155,35 euros**.

Comprometéndose a realización das seguintes melloras potestativas:

DESBROCES PERIÓDICOS EN ESPAZOS DESTINADOS A EVENTOS PARROQUIAIS E APARCADOIRO

1.Desbroce do solar cedido pola Sareb: (0.5 PUNTOS)

- **Localización:** Rúa Trasdeza
- **Referencia catastral:** 2076001NH6227N, 2076002NH6227N, 2076015NH6227N, 2076014NH6227N.
- **Superficie aproximada:** 3.160 m²
- **Tipo de actuación:** Desbroce de restos vexetais incluído talud cara a Fonte de Campo
- **Frecuencia:** dúas intervencións anuais

2.Desbroce do solar cedido para campo de cans: (3.4 PUNTOS)

- **Localización:** Rúa L_ Silleda
- **Referencia catastral:** 36052A04800499, 36052A04800519, 36052A04800489.
- **Superficie aproximada:** 29.977 m²
- **Tipo de actuación:** Desbroce de restos vexetais
- **Frecuencia:** dúas intervencións anuais

3.Espacio de celebración e estacionamento da Festa de Interese Turístico Nacional de Empanada: (2.5 PUNTOS)

- **Localización:** Rúa da Empanada e Rúa Maceira Boa _ Bandeira
- **Referencia catastral:** 36052C51101072, 36052C51101074, 36052A02400347, 36052C51101075, 36052C51101078, 36052C51101077, 6912002NH5361S, 6912003NH5361S, 6912001NH5361S.
- **Superficie aproximada:** 42.809 m²
- **Tipo de actuación:** Desbroce de restos vexetais e retirada de ramas caídas na zona de carballeira
- **Frecuencia:** Unha intervención anual

4.Espacio de celebración e estacionamento da Romaría do Rapaz e Romaría da Saleta:

- **Localización:** Siador **(3.6 PUNTOS)**
- **Referencia catastral:** 36052N50105445, 36052A05600001, 36052N50106002.
- **Superficie aproximada:** 30.999 m².
- **Tipo de actuación:** Desbroce e retirada de ramas caídas na zona de Carballeira .
- **Frecuencia:** Dúas intervencións anuais.

TERCEIRO.- Dispor o gasto por importe de **91.155,35** euros con cargo á aplicación 454.22709 do orzamento prorrogado para o exercicio 2025.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.**, con **N.I.F. B36.408.987**, adxudicataria do contrato, indicaráselle:

- que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.
- que dende o inicio do contrato, o adxudicatario deberá achegar o compromiso de dispoñer dos medios de adscrición necesarios para atender á prestación do servizo, de acordo coas previsións do prego técnico.

QUINTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 1257/2023. Devolución Aval. "MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A BALANTIGA (ESCUADRO-SILLEDA)".

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 24.03.2025, Rexistro de Entrada n.º 2025-E-RE-493, por Ana Isabel Taboada Ramos en representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. con C.I.F. B36052876 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder o contrato de obras denominado "MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A BALANTIGA (ESCUADRO-SILLEDA)".

Visto que a cláusula 21 do Prego de cláusulas administrativas establece que: "a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigación de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP."

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

Visto que con data 10 de abril de 2025, Rexistro de Entrada 2025-E-RE-607, polo Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos director da obra Román Gómez Fraiz remítese informe sobre devolución de garantía, no que conclúe: "*Inspeccionadas las obras, se considera que su estado es favorable y se propone, de tener a bien, la aprobación de la solicitud presentada por el contratista y se proceda a la devolución de la garantía definitiva.*"

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución do seguinte aval:

- Aval da entidade Aseguradora CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, Cia de Seguros y Reaseguros, de data 07 de novembro de 2023, polo importe de CATRO MIL CINCOCENTOS CUARENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (4.549,67-.€)

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE